



ESCALETA DA

ONDA DISCALZA



Título do programa: Voces para Xela

Data da gravación	23/04/2021	Duración	4:54	Nº de programa	13
Locutoras	<u>Primeiro de Bacharelato</u> Blanco Romero, Sara Hermida Pérez, Irene Lourido Otiri, Andrea Tobío García, Irene		<u>Segundo de Bacharelato</u> Canosa López, Blanca López Lourido, Elsa Rodríguez Díaz, Ana Rodríguez Pernas, Raquel		
Técnica	Pérez Pérez, Irene				

Música	López Lourido, Elsa - Voz e piano Alumnos de Imaxe e Son de 2º de bacharelato - Creación do tema
Documentación	Arias, X. (2003) <i>Intempériome</i> . A Coruña. Espiral Maior Arias, X. (2021) <i>A poesía do retrato</i> . Sarria. Engaiólate Arias, X. (2021) <i>Poesía reunida (1982-2004)</i> . Vigo. Xerais Arias, X. (2021) <i>Darío a diario</i> . Vigo. Xerais Arias, X. (2021) <i>Non te amola!</i> Vigo. Galaxia

A poesía, tan sinxela e tan complexa. Xela Arias, tan sinxela e tan complexa

Non podíamos resistir o reto de prestar as nosas voces para Xela. As alumnas que elaboramos este podcast afrontamos a dificultade de locutar a poesía de Xela, de darlle vida e cor, de interpretala. Voces para unha voz, mulleres para unha muller.

Non hai máis intención.

Nin menos.

A selección de poemas está tecida cun motivo constante que ten como fío condutor o título dunha obra de Xela Arias, *Intempériome*, que tanto nos gusta e que nos pareceu que era tan representativo.

Moitas das alumnas que participamos na elaboración deste podcast iniciámonos no proxecto de Radio na Biblio cando comezou e xa finalizando os estudos pareceunos unha maneira inmellorable de despedilo e desexando a súa continuidade.

Aí vai o noso guión. Todos os textos son poemas de Xela, só nos permitimos a licencia de introducir un motivo que nos pareceu o máis axeitado para tecer a nosa proposta.

Por unhas Letras Galegas onde nunca falte a poesía!

Guión

Elsa.- Intempériome

Blanca.- Pensei que escribir un libro podía ser unha causa ben inútil. E mais mesmo as causas inútiles teñen sentido.

**Elsa.- A diario, Darío. Darío a diario
In... tempériome**

Irene H.- A túa ollada incendiaria anima tartarugas plásticas
camións de engano.
Con pernas magras percorres metros de corredor.
Que con cabeza e corazón limpo dirixas,
meu ben,
a orquestra da túa vida

Elsa.- Intempériome

Elsa.- Ándanme sempre as mans facendo praias
imposibles; pode ser de non medrar
e caer no intento os dedos partidos...

Elsa.- In... in... intempériome

Raquel.- O mar é un acunador aceso
que mesmo ouvinte falador de soños
húmidos os párpados
convida ás noites ó descanso e ós nortes
ó silencio

Elsa.- Intempériome, intempériome, intempério... me

Irene T.- Supoño que é un feito
sentirse fóra de tódolos mundos

Guión

desplegar
baixa-los silencios
a modiño
e a néboa dos ollos que non vexo
xa máis
perderme alá dentro de min
xamais xamais

Elsa.- Intempériome

Intempériome

Intempériome

Andrea.- Improviso logo un aceno no aire,

descólgome da miña patria a outra doutros
e inoculo na súa lingua o veneno. Ofrezco
unha sintaxe vedada. E un léxico de catro termos
repetidos abonda
para que entres pola miña fiestra ó centro
De tódalas palabras

Elsa.- Intem... pério... me

Sara.- Camelízateme

en sol de inverno
e figura instantánea
no mencer das néboas

Guión	Elsa.- Intempériome... me... me Ana.- Incéndiate á calor da observación E repasa logo a ollada no pouso dos afectos Elsa.- Intempériome!!! Irene H.- Intempestiva serse intempestiva E domea-la furia á procura da froita madura Elsa.- INTEMPÉRIOME!!!
Lugar de gravación e edición	Onda Discalza - Radio na Biblio do IES Punta Candieira
Obxectivo	Dar a coñecer a poesía de Xela Arias
Competencias clave	- o Na selección das fontes de información: CCL / CSC / CCA / CMCCT / CCEC - o Na posta en común: CCEC / CSC / CSIEE - o Na dramatización: CCL / CSC / CCEC - o Na gravación e difusión: CCEC / CSC

